

Expediente núm.: 2281/2026

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Orde do 12 de maio de 2026 pola que se modifica parcialmente a ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026

Obra/servizo subvencionado: Obradoiro de emprego Ourense Metropolitano II

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 1)
ACALDADO: 16/09/2026
Dado de Sinatura: 16/09/2026
HASH: 79643a3161453ad4d078d557715d37



BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

(Ao abeiro da Orde do 12 de maio de 2026 pola que se modifica parcialmente a ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026)

Denominación do obradoiro de emprego: Obradoiro de emprego Ourense Metropolitano II

Sistema selectivo: OFERTA DE EMPREGO tramitada pola Oficina de Emprego Ourense – A Ponte

Categorías profesionais:

- (1) Un/ha Persoal directivo
- (1) Un/ha Persoal de apoio
- (1) Un/ha Docente de pavimentos e albanelería de urbanización (Nivel 2)
- (1) Un/ha Docente de instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (Nivel 2)
- (20) Vinte Alumnos/as traballadores/as

1º.- OBXECTO.

Estas Bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10 e 11 da ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026, establecer o procedemento selectivo, o perfil, características e requisitos das persoas candidatas, as convocatorias e o baremo que se aplicará na selección de aquelas persoas aspirantes que serán contratadas como persoal laboral temporal nas seguintes categorías profesionais:

- ✓ (1) Un/ha Persoal directivo
- ✓ (1) Un/ha Persoal de apoio
- ✓ (1) Un/ha Docente de pavimentos e albanelería de urbanización (Nivel 2)
- ✓ (1) Un/ha Docente de instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (Nivel 2)
- ✓ (20) Vinte Alumnos/as traballadores/as

O proxecto que inclúe estas contratacións está subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da concesión ao noso Concello dunha subvención por importe de 454.552,00 €, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, para a realización do proxecto do obradoiro de emprego denominado “Obradoiro de emprego Ourense Metropolitano II” para 20 alumnos/as traballadores/as e cunha duración de 9 meses para o exercicio do ano 2026 (núm. Expte.: TR353A 2026 / 3 – 3).



As presentes bases reguladoras do proceso de selección do persoal e alumnado traballador aprobadas pola entidade promotora deberán ser remitidas ao departamento territorial correspondente da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en Ourense e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora e, no seu caso, dos concellos asociados do programa ou obradoiro de emprego.

2º.- FUNCÍONS DO POSTO DE TRABAJO.

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ós postos de traballo obxecto desta convocatoria, son: PERSOAL DIRECTIVO do Obradoiro de emprego Ourense Metropolitano II:

- a) Superior dirección do persoal e do alumnado – traballador, con especial atención á consecución dun clima laboral axeitado e a satisfacción no traballo das persoas participantes no proxecto.
- b) Poñer en coñecemento do persoal e o alumnado o Regulamento de réxime interno aprobado pola entidade promotora, así como aplicar as medidas previstas no mesmo.
- c) Elaboración, organización e seguimento do plan xeral das actuacións de maneira que o proxecto formativo sexa executado na súa totalidade.
- d) Elaboración da planificación didáctica, de seguimento e de avaliación do proxecto. A estes efectos, requirirá a cada docente a planificación relativa ao seu módulo. Contemplará medidas correctoras a poñer en práctica, de ser o caso.
- e) Velar pola aplicación e cumprimento da normativa de seguridade e saúde laboral prevista tanto no estudo de seguridade e saúde específico do obradoiro de emprego, como no/s certificado/s de profesionalidade que se impartan, tanto por parte do persoal como do alumnado.
- f) Xestionar os recursos materiais e didácticos necesarios para a execución do proxecto laboral e formativo.
- g) Coordinación de actuación coa entidade promotora e coa Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en Ourense, a través do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego, proporcionándolle a información necesaria para o seguimento e control das actuacións e para a avaliación dos resultados cuantitativos e cualitativos do proxecto.
- h) Impartir a docencia nos supostos de ausencia, vacante o enfermidade do persoal docente do obradoiro de emprego. En todo caso, cando as características do proxecto e/ou as actuacións o requiran.
- i) Realizar actividades de divulgación, difusión, promoción e integración social do proxecto no contorno, favorecendo a participación de expertos, empresariado emprendedor, realizando visitas didácticas, etc., sen prexuízo do cumprimento do itinerario formativo.
- j) Emprego do aplicativo FORMAN para a xestión do proxecto. Este aplicativo é unha ferramenta pensada para que todas as persoas xestoras implicadas poidan subir documentación e mecanizar datos relativos ao procedemento.
- k) Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto e en relación con el, lle sexan encomendadas pola entidade promotora con coñecemento da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en Ourense.

PERSOAL DE APOIO do Obradoiro de emprego Ourense Metropolitano II:

- a) De apoio á dirección, e ao equipo docente na elaboración e tramitación de documentos, actas, rexistros e correspondencia.
- b) A xestión técnica administrativa do obradoiro de emprego na súa relación coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en Ourense e coa Entidade Promotora.
- c) Tarefas de oficina, administración, informática, xestión de persoal e contabilidade, baixo a supervisión e responsabilidade da dirección do obradoiro de emprego.
- d) De control e organización dos taboleiros de anuncios, actualización de inventarios, e do mantemento dos medios ofimáticos de administración (ordenador, fotocopiadora etc.).
- e) Reflectir na documentación unha linguaxe non sexista, así como tamén de igualdade de xénero e de respecto ao medio ambiente.



- f) A construción do expediente administrativo do obradoiro de emprego, mantendo a documentación custodiada de xeito seguro.
- g) Emprego do aplicativo FORMAN para a xestión do proxecto. Este aplicativo é unha ferramenta pensada para que todas as persoas xestoras implicadas poidan subir documentación e mecanizar datos relativos ao procedemento.
- h) Aquelas outras que, con carácter xeral e dentro da súa categoría profesional, lle encomende a dirección do proxecto.

PERSOAL DOCENTE do Obradoiro de emprego Ourense Metropolitano II:

- a) Elaborar a planificación didáctica e a planificación das avaliacións que correspondan, seguindo os criterios fixados no itinerario formativo, no certificado de profesionalidade, ou no programa específico no suposto de educación básica.
- b) Elaborar e deseñar a metodoloxía didáctica a empregar na docencia do seu módulo.
- c) Determinar de acordo coa dirección do obradoiro de emprego a implementación do itinerario formativo nas actuacións previstas pola promotora, establecendo, de selo caso, as medidas alternativas a adoptar para o total cumprimento do itinerario formativo.
- d) Realización do control, seguimento e avaliación sistemático, permanente e individualizado da evolución do alumnado do seu módulo na adquisición de formación a través da experiencia laboral.
- e) Controlar e exixir o cumprimento das medidas de seguridade e saúde previstas no estudo propio do obradoiro de emprego e no certificado de profesionalidade.
- f) Contribuír, fomentar e motivar ao alumnado a acadar un clima laboral axeitado aos obxectivos do proxecto.
- g) Aplicar na docencia principios de equidade de trato e os principios transversais de igualdade de xénero e respecto ao medio ambiente.
- h) Executar o proxecto formativo en conexión coa dirección do proxecto, planificando as actuacións e a docencia en relación co resto dos docentes do proxecto.
- i) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- j) Responsabilizarse do bo uso da ferramenta, útiles e maquinaria por parte do alumnado.
- k) Calquera outra que derive da súa actividade docente e aquelas que poda encomendarlle o director do proxecto.

3º.- CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO DE TRABAJO.

O contrato de traballo que formalizará a entidade promotora coas persoas seleccionadas, terá carácter temporal, cunha **duración de nove meses a xornada completa**, e coincidente coa duración do proxecto aprobado.

A entidade promotora contratará o persoal formador, directivo e de apoio que fose seleccionado de acordo co procedemento establecido a través da modalidade de contratación que considere máis axeitada tendo en conta o disposto no punto dous da disposición adicional novena da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego.

Os contratos de traballo do alumnado – traballador formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente, código 421-Formación, e deberá facerse constar a denominación do proxecto para o cal se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada.

Serán mecanizados e comunicados ao Servizo Público de Emprego de Galicia a través do aplicativo Contrat@.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente.

4º.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.



As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais.

- **Nacionalidade:** Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

- **Capacidade:** Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. As persoas aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

- **Habilitación:** Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. As persoas aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso a función pública.
- **Incompatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Comprometerse activamente co axeitado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.

a) Requisitos específicos das persoas participantes como alumnado – traballador.

- Poderán ser persoas beneficiarias participantes neste programa aquelas que, estando desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego e teñan unha idade igual ou superior aos dezoito anos.
- Para poder participar neste programa é imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, durante toda a duración da etapa de formación en alternancia, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas



urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

- Se a formación para impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados profesionais de nivel de cualificación 2 ou 3, será necesario que o perfil do alumnado se axuste aos requisitos de acceso sinalados na normativa vixente en materia de certificados profesionais.

Titulación requirida para o acceso a certificados de profesionalidade de nivel 2:

- Título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- Certificado de profesionalidade de nivel 2.
- Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- Cumprir o requisito de acceso aos ciclos formativos de grao medio ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.
- Ter a competencias clave necesarias, de acordo co recollido no anexo IV do real decreto 34/2008, para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade.

- No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego, con independencia de que o rematase con resultado de superado ou non, non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional, excepto que o certificado que curse sexa de nivel superior.

- En ningún caso, poderán participar en obradoiros duais de emprego persoas que xa tivesen participado en tres obradoiros con anterioridade a esta convocatoria, agás cando se trate de participación en obradoiros para cursar especialidades formativas correspondentes ás familias profesionais.

Terán prioridade en todo caso as persoas candidatas que non participasen nun obradoiro dual de emprego ou nun programa de emprego de garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores.

- Na medida en que o uso dos fondos finalistas o permita, aplicárase a protección ás mulleres en situación de discriminación múltiple e interseccional nos termos previstos na Lei 7/2023, do 30 de novembro.

a) Requisitos específicos das persoas participantes como persoal formador, directivo e de apoio.

- **Idade:** Ter unha idade igual ou superior aos dezoito anos.
- **Os candidatos e as candidatas a docentes**, para seren validados, deben cumprir o disposto no artigo 168 do Real decreto 659/2023, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente. Este cumprimento implica que os docentes **deben reunir UN dos seguintes requisitos:**

- Estar en posesión de título de grado universitario, licenciado ou licenciada, Enxeñeiro ou Enxeñeira e Arquitecto ou Arquitecta, ou titulación equivalente ou, no seu caso, a titulación de Formación Profesional que, a efectos de docencia, se determine, de acordo coa normativa que regule cada certificado profesional. En todo caso, esixírase que as titulacións citadas incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados cos resultados de aprendizaxe da formación a impartir. Ademais, deben dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.
- Pertencer ás especialidades docentes habilitadas para impartir formación profesional no sistema educativo.
- Ter experiencia profesional de, ao menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir e dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.



Non será esixible como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores e formadoras para impartir docencia nos certificados de profesionalidade regulados con anterioridade á entrada en vigor do RD 659/2023, cando contén coa acreditación ou titulación requirida que figura en cada un dos reais decretos polos que se establece cada Certificado de profesionalidade.

En todo caso, débese atender á normativa vixente referente a cada certificado profesional no momento da selección.

- **Titulación esixida como persoal docente:**

- Docente de instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (Nivel 2)
 - ✓ Titulación: Enxeñería Agrónoma ou Enxeñería de Montes. Enxeñería Técnica Agrícola ou Forestal. Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de agraria e da área profesional de xardinería. (RD 1375/2008, de 1 de agosto).
- Docente de pavimentos e albanelería de urbanización (Nivel 2)
 - ✓ Titulación: Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. Diplomado, enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. Técnico Superior da familia profesional de Edificación e Obra Civil. (RD 615/2013, de 2 de agosto).
 - ✓ Acreditación en Prevención de Riscos laborais.

- **Titulación esixida como persoal directivo e de apoio:**

- ✓ Titulación persoal directivo: Arquitecto ou arquitecto técnico, Enxeñería Agrónoma ou Enxeñería de Montes. Licenciado en Bioloxía. Licenciado en Ciencias Ambientais. Enxeñería Técnica Agrícola ou Forestal ou títulos de grao equivalentes.
- ✓ Titulación persoal de apoio: FP II Rama Administrativa ou equivalente; Titulado de Ciclo Superior ou equivalente na familia de Administración; Diplomatura / grao en Empresariais / ADE; Diplomatura / grao en Relacións Laborais ou equivalente.

Tódalas persoas aspirantes deberán manter o cumprimento dos anteditos requisitos tanto no momento da selección como para a súa incorporación ao proxecto.

5º.- SISTEMA DE ADMISIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS: OFERTA DE EMPREGO.

I. Sistema de admisión das persoas participantes como alumnado – traballador.

Na selección do alumnado – traballador utilizarase a oferta de emprego xenérica tipo T tramitada na oficina de emprego de Ourense – A Ponte.

A sondaxe terá en conta aquelas persoas que teñan solicitado algúns dos seguintes servizos:

320: Escola taller programas

330: Casa de Oficio

340: Taller de emprego

370: Outros programas de formación de emprego formación dual

Os parámetros da sondaxe serán:

- a) Ocupación: Alumnado – traballador obradoiro de emprego.
- b) Ámbito xeográfico: O de actuación do proxecto. De non atoparse o número mínimo de candidatos (3) ampliarase, por este orde, ao ámbito comarcal, ao da oficina de emprego, e finalmente ao da provincia.
- c) Número de candidatos a convocar pola oficina de emprego por posto de traballo:
 - mínimo 3



- máximo5
- a) Os CNO e os códigos correspondentes ás especialidades formativas, os niveis profesionais e académicos e, no caso dos programas de formación e emprego, a idade.
- b) As posibles causas de exclusión do procedemento de selección. En todo caso, serán excluídas as persoas non ocupadas que non reúnan os requisitos esixibles para poder asinar un contrato formación en alternancia.

As ofertas tipo T preseleccionarán a demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”.

Con carácter xeral, as ofertas de emprego tipo T non serán obxecto de difusión no Portal de Emprego de Galicia salvo casos excepcionais e cando se considere imprescindible para poder cubrir as prazas ofertadas, previa autorización do respectivo departamento territorial.

Na oferta de emprego, terán preferencia as persoas que solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizarase a aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral. Neste último caso, as entidades promotoras deberán solicitar á oficina de emprego un informe no que se indiquen as persoas candidatas propostas que se atopan nesta circunstancia.

En ningún caso poderán participar as persoas que xa tiveran cursado o mesmo certificado profesional, con independencia de que o resultado fora de superado ou non superado.

No caso dos obradoiros duais de emprego, a sondaxe non debe incluír a persoas que xa participaran en tres obradoiros / programas de formación – emprego con anterioridade a esta convocatoria.

Así mesmo, terán prioridade en todo caso as persoas candidatas que non participaran nun obradoiro / programa de formación emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores.

E, de ser o caso, indicar aqueles candidatos que tiveran participado nestas convocatorias a efectos de realizar o baremo de selección.

I. Sistema de admisión das persoas participantes como persoal formador, directivo e de apoio.

Na selección do persoal formador, directivo e de apoio utilizarase a oferta de emprego de tipo A ordinario tramitada na oficina de emprego de Ourense – A Ponte.

Presentarase unha oferta de emprego xenérica para cada unha das categorías profesionais:

- ✓ (1) Un/ha Persoal directivo
- ✓ (1) Un/ha Persoal de apoio
- ✓ (1) Un/ha Docente de pavimentos e albanelería de urbanización (nivel 2)
- ✓ (1) Un/ha Docente de instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (nivel 2)

Os parámetros da sondaxe serán:

- a) Ocupación: persoal formador, directivo ou de apoio, segundo corresponda.
- b) Ámbito xeográfico: O de actuación do proxecto. De non atoparse o número mínimo de candidatos (3) ampliarase, por este orde, ao ámbito comarcal, ao da oficina de emprego, e finalmente ao da provincia.
- c) Requisitos mínimos de titulación ou experiencia que, no seu caso, deben cumprir as persoas candidatas. Se é o caso, as persoas candidatas deberán cumprir cos requisitos de titulación establecidos na normativa dos correspondentes certificados profesionais. Así mesmo, deben acreditar que posúen competencia docente mediante a posesión do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do Real decreto 659/2023.
- d) Número de candidatos a convocar pola oficina de emprego por posto de traballo:
 - mínimo 3
 - máximo5

A oferta de emprego será obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia.



Na tramitación da oferta pola oficina de emprego participarán en igualdade de condicións as persoas demandantes de emprego non ocupadas e ocupadas sen prexuízo de que na selección realizada pola entidade promotora teñan preferencia as persoas que en igualdade de condición de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

6º.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal será nomeado pola entidade promotora e estará constituído por empregados públicos do Concello do Pereiro de Aguiar. A composición do Tribunal Cualificador determinarase na Resolución de Alcaldía de aprobación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ó proceso selectivo.

O tribunal terá como función revisar o cumprimento dos requisitos das persoas aspirantes, a realización da entrevista e a valoración dos méritos alegados polas persoas aspirantes presentadas, e estará integrado por un/unha Presidente/a, un/unha Secretario/a e tres vogais.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a Presidente e do/a Secretario/a.

Os integrantes do Tribunal Cualificador deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal Cualificador resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. Igualmente poderán requirir a asistencia de colaboradores/as que actuarán sen voz e sen voto durante o proceso de selección para realizar tarefas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

As resolucións do Tribunal Cualificador vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

Os efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7º.- PUBLICIDADE DA OFERTA DE EMPREGO.

Tanto estas bases como as listaxes cos resultados do proceso de selección serán expostas:

- Na sede electrónica do Concello O Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>]
- Na páxina web do Concello O Pereiro de Aguiar (www.concellopereiro.com)
- Na sede electrónica e páxina web dos concellos asociados do programa ou obradoiro de emprego
- No taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte que tramita a oferta, e
- No Portal de Emprego de Galicia se corresponde segundo a categoría profesional a seleccionar.

8º.- ACTIVIDADES SELECTIVAS.

As actividades do proceso de selección terán por finalidade determinar a persoa con maior adecuación ao posto.

I. Criterios de selección das persoas participantes como alumnado – traballador.



A puntuación de cada unha das persoas candidatas estará determinada polo resultado da valoración dunha parte subxectiva e outra obxectiva que consisten nunha entrevista persoal e valoración de méritos respectivamente e cunha **valoración total máxima de 30 puntos**. Publicaranse, en primeiro lugar, as puntuacións correspondentes á entrevista persoal. Unha vez publicadas, procederase a valoración dos méritos de cada unha das persoas candidatas.

A.- Entrevista Persoal. Puntuación máxima de 10 puntos.

A entrevista persoal ten como finalidade avaliar o interese das persoas candidatas en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo do que se trate.

A entrevista non será eliminatoria e corresponderalle unha puntuación de 10 puntos.

Na Resolución de Alcaldía na que conste a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas indicarse o lugar, data e hora na que se deben presentar as persoas aspirantes para a realización da entrevista persoal.

B.- Valoración de méritos. Puntuación máxima 20 puntos.

O Concello do Pereiro de Aguiar citará telefonicamente ás persoas candidatas na data, lugar e hora que acorde.

Na comunicación de dita convocatoria debe constar que as persoas candidatas teñen que presentarse coa documentación acreditativa dos méritos sinalados nas presentes bases de convocatoria presentando un documento asinado onde se enumere a documentación que se achega e se autorice á entidade promotora a publicar os seus datos (nome e apelidos, DNI pixelado) nas actas, listaxes ou calquera outro documento que resulte do proceso. A documentación que se presente para xustificar os méritos deben ser orixinais ou copias compulsadas.

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan:

	CRITERIOS		PUN TOS
1	MULLERES	Mulleres vítimas de violencia de xénero	1
2	DISCAPACIDADE	Persoas con discapacidade $\geq$ 33% sempre que poidan realizar os traballos	2
3	IDADE	De 18 a 51 anos	1
		Persoas maiores de 52 anos	2
4	EMIGRACIÓN	Persoas emigrantes retornadas	1
5	PROTECCION POR DESEMPREGO (Segundo Certificación do SEPE e Certificación do INSS)	Perceptores de prestacións e subsidio por desemprego (Desemprego, Ingreso mínimo vital, etc)	1
		Non perceptores de prestacións e subsidio por desemprego	2
6	RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)	Perceptores da renda de inclusión social de Galicia	2
7	TEMPO DE DESEMPREGO DENDE O ULTIMO TRABAJO	Ata 12 meses	1
		Mais de 12 meses	2



	(Segundo vida laboral)	(Parado de longa duración)	
8 FORMACION ACADEMICA		Persoas que posúen títulos universitarios e de FP de grao superior	1
		Persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior	2
9 PARTICIPACIÓN EN OBRADOIROS DE EMPREGO		Persoas candidatas que non participaron nas últimas cinco convocatorias nun Obradoiro de Empleo	5
10 ITINERARIO DE INSERCIÓN LABORAL		Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)	1

II. Criterios de selección das persoas participantes como persoal formador, directivo e de apoio.

A puntuación de cada unha das persoas candidatas estará determinada polo resultado da valoración dunha parte subxectiva e outra obxectiva que consisten nunha entrevista persoal e valoración de méritos respectivamente e cunha **valoración total máxima de 10 puntos**. Publicaranse, en primeiro lugar, as puntuacións correspondentes á entrevista persoal. Unha vez publicadas, procederase a valoración dos méritos de cada unha das persoas candidatas.

A.- A Entrevista Persoal. Puntuación máxima de 3,50 puntos.

A entrevista persoal ten como finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo de que se trate.

A entrevista non será eliminatoria e corresponderalle unha puntuación de 3,50 puntos.

Na Resolución de Alcaldía na que conste a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas indicarse o lugar, data e hora na que se deben presentar as persoas aspirantes para a realización da entrevista persoal.

B.- Valoración de méritos. Puntuación máxima 6,50 puntos.

As persoas candidatas teñen que presentarse co seu currículo (méritos) asinado e debidamente documentado, a súa vida laboral actualizada, contratos de traballo, titulacións complementarias, formación complementaria e coñecemento do galego e un documento asinado onde se enumere a documentación que se achega, e se autorice á entidade promotora a publicar os seus datos (nome e apelidos, DNI pixelado) nas actas, listaxes ou calquera outro documento que resulte do proceso. A documentación que se presente para xustificar os méritos deben ser orixinais ou copias compulsadas.

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan:

❖ Titulacións complementarias: máximo 1 punto

Valorarase estar en posesión dunha titulación académica oficial distinta a mínima esixida para participar no proceso selectivo e sempre que sexa complementaria ou relacionada coas funcións a desenvolver no posto convocado. Consecuentemente, a titulación mínima unicamente se terá en consideración para determinar a admisión ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.

- Titulación de Formación Profesional Superior regrada: 0,20 puntos
- Diplomatura universitaria; 0,50 puntos
- Máster ata 500 horas: 0,40 puntos; máis de 500 horas: 0,50 puntos
- Posgrao ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,40 puntos



- Licenciatura / Grao universitario ou equivalente: 1 punto
- Doutoramento : 0,75 puntos

A puntuación máxima neste apartado será de 1 puntos.

❖ Experiencia profesional: máximo 4 puntos

- a) Experiencia en funcións directivas, técnico – administrativas ou docentes, en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego nos últimos cinco anos: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 2,50 puntos.
- b) Experiencia en funcións directivas, técnico – administrativas ou docentes relacionadas coa especialidade convocada en empresas ou entidades públicas ou privadas por conta allea ou propia: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 1,50 puntos.

A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.

De conformidade co previsto no parágrafo b) da base 4ª, o período mínimo de experiencia profesional esixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

- Traballo por conta allea: contrato de traballo e/ou recibos de salarios e vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (sempre que desta se deduza a categoría profesional desempeñada) así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da duración da súa experiencia profesional e da categoría profesional.
- Traballadores autónomos ou por conta propia: mediante vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (na que figure o epígrafe de cotización no Réxime Especial de Autónomos) e xustificante de alta de actividades económicas/obligados tributarios/ colexio profesional, xunto co último recibo de pagamento.
- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

❖ Formación complementaria e coñecemento do idioma galego: máximo 1,50 puntos

En todo caso, a formación deberá estar relacionada coas funcións que se vaian desempeñar e só se valorará a que teña unha duración igual ou superior a vinte (20) horas lectivas. Na documentación acreditativa deberá figurar a súa duración en horas, en caso contrario non será obxecto de valoración. Si se acreditasen dous ou máis cursos sobre a mesma materia, soamente se computará o de nivel superior.

- De 20 a 59 horas lectivas: 0,10 puntos
- De 60 a 99 horas lectivas: 0,20 puntos.
- De 100 a 300 horas lectivas: 0,30 puntos
- De mais de 300 horas lectivas: 0,40 puntos.

A formación completa en metodoloxía didáctica, aptitude pedagóxica, formador de formadores, formador ocupacional, docencia de formación profesional para o emprego, coa acreditación expedida polo organismo oficial correspondente: 0,40 puntos.

En relación ao coñecemento do idioma galego valorarase:

- Curso de iniciación: 0,05 puntos.
- Curso de perfeccionamento: 0,10 puntos

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. No caso de dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o de grao superior.

A puntuación máxima do apartado de Formación Complementaria e coñecemento do idioma galego será de ata 1,50 puntos.



9º.- PROCESO DE SELECCIÓN.

Unha vez que as persoas candidatas presentaran a documentación correspondente, o tribunal nomeado pola entidade promotora, e unha vez constituído, comprobará con carácter previo á realización da entrevista que a persoa candidata cumpre cos requisitos de acceso ao proceso de selección e propón ao Presidente da entidade promotora a relación de admitidos e excluídos en función dos requisitos esixidos nas bases.

Por resolución de Alcaldía aprobarase provisionalmente a lista de persoas admitidas e excluídas no procedemento, que se publicará na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com). Na referida resolución concédese un prazo de **1 día hábil para reclamacións ou corrección de erros**.

Transcorrido 1 día hábil a entidade promotora resolverá as reclamacións ou corrección de erros e fixara, na mesma Resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas, a data na que se realizará a entrevista e a data para a valoración de méritos das persoas candidatas admitidas.

O tribunal nomeado pola entidade promotora debe realizar primeiro a entrevista. Despois de rematadas todas as entrevistas, debe facer pública as puntuacións das mesmas no mesmo lugar onde foron realizadas as entrevistas, e na sede electrónica da entidade promotora.

Nunha nova reunión o tribunal procederá á valoración dos méritos das persoas candidatas admitidas e deixará constancia en acta da puntuación da entrevista, puntuación da valoración dos méritos e puntuación final xunto coa relación das persoas aspirantes por orde de prelación para a súa contratación e a proposta de contratación da persoa aspirante que obtivese maior puntuación.

10º.- CONTRATACIÓN E LISTAXE DE RESERVA.

Concluído o proceso de selección, a entidade promotora por Resolución de Alcaldía procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes, segundo a acta do tribunal cualificador.

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

Unha vez elaborada a proposta de persoal e alumnado – traballador a contratar para o proxecto, a entidade promotora deberá remitila a correspondente xefatura territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. O proxecto non poderá dar comezo en tanto a xefatura non comprobe que todo o persoal e alumnado – traballador reúne ditos requisitos.

A entidade promotora está obrigada a contratar a persoa aspirante que obtivese a maior puntuación final.

I. Listaxe de reserva da categoría profesional alumnado – traballador.

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

En caso de producirse unha vacante a entidade promotora poderá propoñer como substituto a persoa alumna/traballadora da listaxe de reserva que obtivera maior puntuación. Con carácter xeral, esta substitución so se poderá realizar durante os tres primeiros meses de execución do proxecto. A entidade debe comprobar que a persoa candidata segue cumprindo os requisitos necesarios para participar no proxecto e valorar se a súa incorporación resulta conveniente no estado de execución da obra ou servizo. En todo caso, a entidade promotora debe informar a persoa alumna/traballadora das posibles consecuencias da súa tardía incorporación (por exemplo, a imposibilidade de obter o certificado profesional) e impartir a formación que resulte de obrigado cumprimento xa finalizada (por exemplo, a formación necesaria en materia de igualdade ou de prevención de riscos laborais).

II. Listaxe de reserva da categoría profesional persoal formador, directivo e de apoio.



Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada e terá validez durante toda a duración do obradoiro de emprego.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección.

A persoa proposta deberá estar dispoñible para ser contratada na data de inicio do obradoiro de emprego que propoña a Entidade Promotora. De non ser o caso, e logo da oportuna comunicación, procederase á contratación da seguinte persoa da listaxe con maior puntuación.

11º.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

I. Criterios para dirimir empates na categoría profesional alumnado – traballador.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- Non tiveran participado en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego ou tiveran participado un menor número de veces.
- Non teñan experiencia laboral ou a que teñen sexa menor.
- Non teñan cualificación ou a súa cualificación sexa de menor nivel.
- Ser persoa parada de longa duración.
- Colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social.

I. Criterios para dirimir empates na categoría profesional persoal formador, directivo e de apoio.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- maior tempo acreditado como desempregado.
- Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade

12º.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.

De conformidade co artigo 11.9 da ORDE do 14 de novembro de 2025 da dita convocatoria, as incidencias e reclamacións serán resoltas pola entidade promotora.

Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas.



O persoal formador, directivo e de apoio e o alumnado – traballador seleccionado non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

13º.- PROTECCIÓN DE DATOS.

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD.

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo Concello do Pereiro de Aguiar, con sede na Praza do Concello, núm. 1, 32710 O Pereiro de Aguiar (Ourense), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

14º.- CARÁCTER VINCULANTES DAS BASES.

As presentes Bases desta convocatoria vinculan ó Concello, ós tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

15º.- DISPOSICIÓN FINAL E RECURSOS.

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], na súa páxina web (www.concellopereiro.com), na sede electrónica e páxina web dos concellos asociados do programa ou obradoiro de emprego e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No Pereiro de Aguiar, na data da firma dixital.

O alcalde,
Luís Menor Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

